



RESOLUCIÓN DO 04 DE OUTUBRO DE 2018 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE FERROL (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 27 DE XULLO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2018/2019.

O día 9 de agosto de 2018 publicouse a Orde do 27 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais da Consellería do Mar, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2018/19.

Conforme ao artigo 11 desta orde, o día 03 de outubro de 2018 reuniuse na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol a Comisión de Valoración para examinar as solicitudes presentadas e elaborar as listas provisionais de admitidos e excluídos no prazo extraordinario.

Se oferta 1 praza de residencia en pensión completa na convocatoria extraordinaria, e se presentaron 2 solicitudes. Unha delas corresponde a un alumno que xa tivo praza de residencia no centro no curso académico anterior, e segundo o artigo 17.7 da Orde do 27 de xullo, as persoas que cumpran este requisito conservarán a praza de residencia no seguinte curso dun ciclo formativo, logo da presentación da correspondente solicitude, de acordo co prazo establecido no punto 4, e sempre que acrediten o cumprimento dos requisitos académicos para o curso e non sexan repetidores/as deste. A Comisión de Valoración procede a dar traslado da relación provisional de persoas admitidas e excluídas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

**RESOLVE:**

En cumprimento do punto 2, do artigo 12 da Orde do 27 de xullo de 2018, facer pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas de prazas de residencia en pensión completa para a residencia da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol no prazo extraordinario. Estas relacións figuran como Anexo I e II desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol.

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas a presidenta da dita comisión.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo





### Anexo I

#### Relación provisional de persoas admitidas de prazas de residencia en pensión completa no prazo extraordinario

*Prazo Extraordinario Pensión Completa. Curso 2018/2019*

NÚM.	NOME E APELIDOS	DNI
1	Da Silva Andrade, Elvis de Jesús	*****384D

### Anexo II

#### Relación provisional de persoas excluídas de prazas de residencia en pensión completa no prazo extraordinario

*Período Extraordinario. Curso 2018/2019*

NÚM.	NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN
1	Durand Caroy, Jaime	*****034P	Ter preferencia os/as alumnos/as que tivesen praza na residencia no curso académico anterior (artigo 17.7 da Orde do 27 de xullo de 2018)

- As persoas interesadas poderán formular reclamación ante a propia comisión no prazo de 10 días hábiles seguintes ao da súa publicación. As reclamacións serán dirixidas á presidenta da comisión.

